

**Especial
confinamento**

RAPILÁN

ANO XXXVII

Nº 55



**A VOZ
DA
ESCOLA**



José Luís



Curso 2019-20

“Un ano máis, tedes nas vosas mans un novo exemplar da revista...”. Deste ou dun modo parecido sería a forma habitual en que vos presentabamos a revista escolar do Ramón Piñeiro cada ano, pero evidentemente este non foi un ano máis... Entón empeceamos de novo, porque vos vou contar unha historia de ciencia ficción do nivel de Star Wars, ou da Guerra dos mundos.

Hai pouco máis de tres meses, as cousas marchaban coma sempre en Lán cara e tamén no resto do mundo. No CPI Ramón Piñeiro, ultimabamos a viaxe a Irlanda para os da ESO, Infantil estaba inmersa nun planetario de dimensións planetarias, e en Primaria cada un cos seus proxectos e coas súas guerras diarias; no horizonte, excursións, a segunda avaliación, a revista, as Letras Galegas, orlas e un longo etc. como o que cada ano nos fai volvernos tolos no noso familiar e dinámico centro educativo.

No resto do mundo as cousas, coma sempre: que se o Madrid gañará a liga, que se o Barça é mellor, que se o presidente do goberno, que se a oposición, que se a bolsa sobe, que se baixa, que se Trump está como unha cabra, que se Maduro non sei que, que se os chineses non sei canto, que se a economía mundial... En resumo, que viviamos en plena crise, coa fin do mundo ao virar a esquina, enfrascados nas nosas guerras sen sentido e nos nosos problemas agrandados artificialmente, ignorando coma sempre outros problemas de verdade, simplemente porque non nos tocan de preto.

Pero “a vida che dá sorpresas, sorpresas che dá a vida” e esta veu en forma de susto morrocotudo disfrazado dentro dunha verba con pouco uso na nosa rutina diaria: “pandemia”. E a crise de

verdade cobrou sentido inmediato. Pero, que demo é unha pandemia?. Soábanos a pandeireta, a pan do país, pero por desgraza non tiña connotacións musicais nin alimentarias, senón todo o contrario: o medo apoderouse de todo e a rutina tornouse en excepcionalidade. A morte empezou a roldar ata ao máis san, as clases paráronse, os traballos detivéronse, a xente encerrouse nas súas casas e o mundo deixou de xirar. Vivíronse moitas tensións, morreron moitas persoas tanto no noso país como no resto do mundo, e o peor, non sabiamos ben que facer para poder gañarlle a batalla á COVID19. Pese a todo, os sanitarios enfrontáronse a peito descuberto (nunca mellor dito) a ese maldito virus e, pouco a pouco, foron, como nas guerras, gañando batalla a batalla e, iso sí, deixando moitos inocentes polo camiño: dende o noso centro educativo, o noso recordo ás vítimas, o noso ánimo e apoio aos familiares e o noso maior recoñecemento para os sanitarios e para todos os que axudaron a ir superando esta terrible crise.

Fóra da loita directa contra o virus, o resto da sociedade púxose a funcionar e, aínda que con esas vimbras o cesto era complicado de facer, todos nos puxemos as pilas e empezamos a facer as cousas doutra maneira, a discorrer como seguir vivindo, como seguir compartindo, como seguir traballando. Nos centros educativos aliámonos coas novas tecnoloxías e conseguimos que todos os que puxesen algo da súa parte puidesen seguir formándose dunha ou doutra maneira, superando así o curso escolar. E a pandemia foi remitindo aos poucos, fase a fase, mentres Fernando Simón nos falaba da nova normalidade... E a nova normalidade chegou, e parecíase bastante á vella, e o curso acabou e o futuro achégase cunha insolente incerteza, sen saber que pasará.

Pero, seica algunha vez tivemos certeza sobre o que o futuro nos depara? E a vida continua, recuperando vellos costumes, incorporando novas aprendizaxes e, polo menos por un tempo, centrando na nosa mente o que de verdade é máis importante na vida: a vida mesma.

E aínda que ao principio vos dixen que ía contar unha historia de ciencia ficción pouco crible, ao remate téñovos que dicir

que non foi ciencia ficción: foi unha historia real que pasou no ano 2020 no mundo no que vivimos e que non conseguiu acabar co ser humano, senón todo o contrario: adaptámonos, fixémonos máis fortes, máis versátiles e máis conscientes da gran capacidade de supervivencia que temos. Oxalá esta crise tamén nos axude aos seres humanos a ser cada día un pouco máis humanos.

Carlos Carballo Sieiro

Director do CPI Ramón Piñeiro

C O N T I D O

- 4** | Preliminares
- 12** | Educación Infantil
- 30** | Educación Primaria
- 66** | E.S.O.
- 90** | Visitas, excursións e viaxes
- 100** | Festas
- 114** | Xornadas e conmemoracións
- 120** | Relatos para a lembranza

O ano do “Escornavirus”

Xurxo Rodríguez Lozano

Foi pasando o Nadal
e veu o entroido, coma sempre,
co seu colorido disfrace.
Seguía o curso a súa andaina,
impasible, monótono, previsible:
Letras galegas, excursións, exames...
Preparados para o esprint final!

E, de súpeto, todo mudou
da noite á mañá,
case sen decatarnos,
como a marea que vai subindo
lentamente
ata cubrir a praia,
como a mocidade perdida
ou o solsticio de verán.

Aprenderamos o nome de Wuhan,
quedaba lonxe, na China.
Hai moitos chinos en Wuhan,
pero, xa se sabe,
non se dan contado.

Ceibóuseltes un virus,
que andan facendo experimentos sempre,
din as malas linguas.
Aquí non chega, tranquilos!,
din os entendidos.
As pestes cébanse cos pobres,
que non limpan
e andan entre o lixo.
Mais chegou el, “o escornavirus”,
como un turista máis,
con aires de marciano
ou de asteroide coroadado,
para acaparar o fondo das pantallas
nos telexornais,
acoplándose ás células con precisión satánica,
agochado durante días
no labirinto dos corpos;
experto funambulista
brincando duns a outros
con piruetas tráxicas no baleiro;
pousándose aquí e acolá
como unha mina explosiva
agardando o casco do barco
que vai esfarelar.

E un vento frío deixou atarecada
á fachendosa sociedade occidental;
desconcertados, atónitos,
non deixamos de tremer.
Máscara, luvas, distancia,
lavar a miúdo as mans...

Cubriu a noite, mesta, as aulas
como unha enorme coroz de palla
sobre os ombreiros do labrego.
Con coitelos de pálida lúa
córtase o silencio nos corredores,
nos patios desertos...
E nas rúas de Láncara,
como no resto do país,
ninguén.

Coma toupas nas casas,
aprendemos novos vocablos:
pandemia, corentena, confinar,
pangolín, triaxe, resistir,
zoonose, disnea, intubar,
infodemia, EPIs, xabazón,
xel hidroalcolico, distancia social,
asintomático, ERTE, morgue,
covidiota, videochamar,
aplanar a curva, estado de alarma,
pico, fómite, desescalar...

E vivimos meses
na aula virtual,
pendentes do correo
e máis do chat;
na percura teimosa dos outros
para compartir e falar.
Levar as aulas á cociña, ao salón,
ao cuarto ou ao comedor.
Fumegan os teléfonos,
correos ateigados,
non vai internet,
conéctate ao webex,
que número hai que marcar?
Apaga o micro, Xurxo
que nos toleas a todos...
Manda un wassap.
Bo día, compañeir@s,
outra xornada máis.
Ánimo a tod@s,
persoal non docente,
profes, alumnos, e pais.
Vémonos nas aulas
pasado o verán.

Antes esquecín unha palabra,
que lle regalo á inmensa
familia do Ramón Piñeiro:
es-pe-ran-za.


Xurxo, maio do 2020

Así comezamos o curso...

Ó principio reinaba o caos...



... pero logo fíxose a luz e a cor



Fixéronnos unha importante visita

Visita da Conselleira de Educación, Universidade e F.P.



O 17 de setembro recibimos á Conselleira de Educación Universidade e Formación Profesional da XUNTA DE GALICIA Carmen Pomar.

Tamén estiveron presentes o Director Xeral de Educación, Formación e Innovación Educativa Manuel Corredoira, o Secretario Xeral Técnico Jesús Otaivén, o Director Xeral de Centros e Recursos Humanos J. Manuel Pinal, a Xefa Territorial M^a Carmen Gueimunde así como outros altos cargos da Consellería de Educación que acudiron a visitar a importante reforma realizada durante este verán. O alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, xunto a outros representantes

da política local acudiron tamén á cita.

Ademais de valorar moi positivamente os cambios e

melloras levadas a cabo, durante a xornada tamén se acordou a realización dunha rampa de acceso ao centro que mellore a



accesibilidade ao mesmo, malia non estar no proxecto inicial de obra.

Dende o noso centro educativo queremos agradecer o investimento realizado que, sen dúbida, revertirá nunha mellora da calidade do ensino impartida no CPI RAMÓN PIÑEIRO aínda que, coma ben sabemos, o proceso de mellora seguirá a estar baseado no imprescindible esforzo do alumnado, do equipo docente e do resto da comunidade educativa.



Ambientando o centro

Renda solta á creatividade



Iniciando unha nova etapa

Alumnos de 4º de Ed. Infantil

Este curso 2019/20
comezamos a nosa
andaina escolar. Fixemos
moitas cousas: choramos,
xogamos, cantamos,
bailamos, escoitamos contos,
traballamos, celebramos
algúns cumpreanos... e
fariamos moitas


máis cousas pero o
COVID non nos deixou.

Agardando que o curso que
vén sexa mellor deixámosvos
unha escolma
dalgún deses
momentos.



Así son eu

Alumnos de 4º de Ed. Infantil



Fixemos moitas cousas

Alumnos de 5º de Ed. Infantil

Este foi un curso curto pero intenso, no que fixemos moitas cousas.



Vimos nacer uns pitiños, gustounos tanto que nós tamén fixemos uns



Desfrutamos moito pintando todos xuntos:



Unha cousa que nos encantou, foron as visitas á nova biblioteca do centro:



No Nadal escenificamos a panxoliña "Buscando Papá Noel a árbore de Nadal"



No entroido disfrazámonos do conto "101 dálmatas":



Aprendemos cousas sobre o Universo:



Tamén fomos de excursión a Lugo ver unha obra de teatro:

Traballamos arreo

Alumnos de 6º de Ed. Infantil

Este ano deixamos moito investigado e traballado cos dous proxectos que fixemos.



O primeiro proxecto foi sobre o corpo humano:



Tamén, no entroido disfrazámonos do conto "101 dálmatas"

O segundo proxecto foi sobre "O sistema solar", para o que tivemos que buscar moito en internet e en libros



Ata o infinito ... e máis aló

Alumnos de 6º de Ed. Infantil

Tamén traballamos moito para crear o noso "mini universo"



Sementando estrelas

Alumnos de Infantil

Recibimos a visita dos nosos compañeiros de 5º de primaria que nos axudaron a pintar estrelas, mesmo nos prestaron o seu coquete espacial.



Planetario

Comunidade educativa

Para complementar o proxecto de infantil comezamos a construír un gran planetario. Preparouse o espazo de traballo, e toda a comunidade comezou a colaborar: os papás trouxeron cantidades inxentes de cartón, mesmo fixeron pezas nas súas casas, achegouse man de obra especializada... pero de súpeto, apareceu en escena o coronavirus e todo quedou parado. Cando todo volte á normalidade remataremos o planetario e poderemos ver as estrelas nel.



Preescolar na casa

Alumnos de Infantil



Un ano máis cos amigos de Preescolar na Casa que viñeron a visitarnos cos nosos futuros alumnos/as, e de paso a contar uns contos...



PROMOCION 6º INFANTIL CURSO 2019-20



MONICA LOPEZ



EVA ALVAREZ



M. VICTORIA DE PAZ



ANGELES PEREIRA



XAINZA
ÁLVAREZ SOUTO



MOHAMED AMINE
AZARGUI BOULARBI



ABIGAIL
BUJÁN LÓPEZ



MARINA
FERNÁNDEZ GÓMEZ



ENZO
FERRADÁS FOUZ



IAGO
FOLE FERNÁNDEZ



ELBA
GARCÍA VILLAVEDE



SILVIA
LÓPEZ AMPARO



ANDREA
LÓPEZ MUÑOZ



MARTIN
LÓPEZ REGUEIRO



ANXO
MONTERO LÓPEZ



NICOLAS
MONTERO LÓPEZ



NOA
POLIDO RODRÍGUEZ



BRAIS
RIVAS GÓMEZ



JUAN ANTONIO
SÁNCHEZ BALBOA



MATIAS
VÁZQUEZ FERNÁNDEZ

Visita á Biblioteca Municipal

Alumnado Infantil 4 e 5 anos, 1º e 2º de Primaria



Ao mesmo tempo que nos ían lendo os contos, nós tamén íamos participando.

Os nenos e nenas de infantil de 4 e 5 anos, primeiro e segundo de primaria fomos ata a Biblioteca Municipal da Póboa e alí léronnos uns contos moi interesantes relacionados coa igualdade.




Samaín

Alumnado 1º e 2º Primaria

Cando chegou o Samaín, os rapaces de 1º e 2º trouxeronnos cabazas das súas casas e logo fixemos un obradoiro de vaciado e decoración de cabazas no que participamos todos e todas.



Cando rematamos de decorar as cabazas colocámolas nunhas mesas debaixo do noso mural do outono e do Samaín. E... para que deran máis medo metémoslles dentro unhas candeas. Terroríficas, verdade?




Nadal

Polo Nadal, representamos unha fermosa obra de teatro e elaboramos un mural.



Entroido

Máis tarde, chegou o entroido que este ano adicamos ao mundo dos contos e nós rendémoslle unha pequena homenaxe a Alicia no País das Marabillas" disfrazándonos os nenos e nenas de cartas e, a profe Vicky, de Raiña de Corazóns e, a profe Patricia, do Sombreiro Tolo.




As historias da corentena

Alumnos de 1º de Primaria


Os alumnos de primeiro estaban indecisos sobre o que estaba a pasar nestes tres meses sen asistir ao cole e, o que aínda é máis importante, sen poder saír á rúa, polo que fixeron as súas conxecturas que eu vos achego.

A primeira está feita por Uxía, soñadora e optimista, que non lle dá máis importancia.

Hugo fai unha interpretación realista e mesmo costumista da situación.



A Xoel preocúpalle a nova situación.




Para Daylín a situación era a que era e había que adaptarse deseguida.



Brayan demostra que con forza de vontade todo se supera.



Aitana, en cambio, aproveita para viaxar e vivir unha aventura.



E María, coa súa imaxinación, buscoulle solución.

E colorín colorado este conto está rematado


Adiviñas con...

Alumnos de 2º de Primaria



Os nenos e nenas de segundo
fixeron unha escolma de
adiviñas para que penses un
pouquiño ata dar coa resposta
Os debuxos que fixeron seguro
que vos axudan.

Maitas campesiñas,
todas ben colgadas
e sempre encendidas
e col as apaga.
Pablo 1º
2º Primaria



De que encherías un balde para que pesara
menos?



Solución: De buratos!

Carmela
Adiviña...

Unha señorita, moi aseñorada
lleva sombrreira verde
e blusa colorada
Quen é?



Donde a cea resplandores
cando deixa de chover
albanica de cores
que nunca poida caer.
Maria



Alta como un pino,
verde como o liño,
coas follas anchas
e o froito amarello.
Martín



Terra catra pés
e non son animal;
brillanme os ollos ma noite
e sen beber non pode andar.
Manuel



Laura

Para cruzaren a rúa
ten sempre que remedan
os cores dentes meus ollos
que estou nequido a chinar.



Nunha casa de doce nenas,
cada unha ten catra cuartos,
todas elas usan medias,
e ningunha usa zapatos.
Coa telavaca



Yaíra

lira
Ten de sombrreira
un verde plumbeiro,
a saia amarela
por debaixo da terra.



Lella
Todas as flores teñen
o mesmo nome co mín;
non cho digo mibis clars.
Xa sabes o que é, ou non?



Sara
Chéganme as cartas
e non sei ler,
E, aínda que as trago,
non mencho o papel.



Ben,
que vos pareceron?
Non eran tan difíciles de
adiviñar

Construíndo e compartindo

Alumnos de 2º de Primaria - Relixión

Despois de realizar as tarefas, gústanos construír pontes, torres, etc. con pezas de madeira. Compartindo e axudando, as cousas fanse mellor.



Manualidade de reciclaxe

Alumnos de 3º de Primaria





A ledicia de compartir



Montando o belén

Alumnos de 3º de Primaria - Relixión

Nenos e nenas de Relixión montando o belén




“Vinde velo neno
que está espidiño
e acurruca diño
ó pé dos seus pais”

Experimentos

Alumnos de 5º de Primaria

Nesta ocasión fomos científicos e mestres, xa que tivemos que preparar experimentos e explicarllelos aos nosos compis. Aquí podedes ver algún deles.

Xogando coa electricidade estática




Inflando globos con bicarbonato e vinagre.



Inflando globos no microondas.



Experimentando con luz negra,



Unha nebulosa nun frasco!



Inspiración pictórica

Alumnos de 5º de Primaria

Como nos gusta a pintura, este curso vimos obras de varios pintores e inspirándonos

neles nos tamén pintamos. Aquí tedes algunhas das nosas obras.



Somos artistas

Alumnos de 5º e 6º de Primaria



Robótica

Alumnos de 6º de Primaria

Os nenos e nenas de 6º seguimos outro ano máis co proxecto de iniciación á robótica educativa.

A montaxe dos kits, motores e sensores, e a programación básica nos equipos Abalar

con M bot e M block e Scratch das accións básicas foron as experiencias traballadas. Un bo traballo, diferente e 100% práctico



Visitors from Australia and Iran

Mencía Soto Pérez 6th grade

On the 4th of October, Simon Keenan and Ale Arjundi came to school.

Simon is from Australia, but he lives in Galicia since 2014. In Australia he was an accountant, but here he works with pilgrims. When he was a child he lived on a farm. He came to visit us last year.

His friend Ale Arjundi is from Iran but he lives in Galicia since 2018. He is a political refugee in Spain. He started school in Iran when he was seven and, when he was eighteen, he went to the military service for two years. He speaks Persian, English, German and a little Spanish. He has four sisters and two brothers in Iran. He is the youngest. He left Iran four years ago for political reasons and he traveled through many countries and rode a bike for 4.000 kilometers.

Iran is a very big country. It's a very old country (ancient Persia) and has got many ruins. The population is 80.000.000 people and the capital city, Teheran, has got 12.000.000 people. Ale showed us pictures from Iran. In Iran there are many lakes, beautiful mountains, rivers, a 5.691 metres

high volcano, deserts and beaches. Most of the population is Muslim, and people go to the mosques, where there aren't benches as in churches, but carpets. People take off their shoes and wash their face, hands, head and feet before they get in.

The traditional Iranian sports, clothes and food are very different from ours, but some Persian words sound like Spanish words, which is fun.

Some examples are:

Spanish	Persian
¿Como te llamas?	Nome chist
Gracias	Mamnooon
Culebra	Alazum
Caracol	Hallazoom
Este camión es para mí	En camion bara man para mí

(From left to right, Simon Keenan and Ale Arjundi)



Impresión 3D

Alumnos 6^o de Ed. Primaria

Polo Nadal, a nosa profe Yolanda ensinounos a usar o programa de deseño 3D ThinkerCad e cada un de nós modelou un adorno de nadal.

Logo a profe se encargou de imprimilos na impresora 3D do centro.

Quedaron moi chulos!

Foi un agasallo ben bonito!



Ciencia en Ed. Primaria


Alumnos de 6º Primaria

A CÉLULA

Os alumnos de 6º de primaria están a traballar sobre as células. A célula é a unidade básica da que están formados todos os seres vivos, e que realiza as tres funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.

Existen dous grandes grupos, por unha banda as células procariotas sen núcleo, e por outro as células eucariotas con núcleo. Dentro destas últimas, distinguimos as vexetais e as animais.

Para comprender mellor as orgánulas que as conforman e diferenciar as células vexetais das animais, os alumnos e alumnas realizaron unha maqueta explicando as diversas partes destas. Para iso empregaron distintos materiais como poliestireno, goma eva, ou plastilina entre outros.



Os alumnos de 6º de primaria traballamos sobre a célula..



A realidade aumentada

Alumnos de 6º Primaria

Que é a realidade aumentada?

A realidade aumentada ou realidade virtual consiste nunha simulación de diferentes lugares nos que podemos interactuar e explorar tal e como se estivésemos alí realmente.

A realidade virtual ten diversas finalidades, aquí algunha delas:

- **ENTRETENIMENTO:** moitos videoxogos contan con esta tecnoloxía.
- **EDUCACIÓN:** este é un dos campos de uso máis extensos, xa sexa para o colexio ou a universidade. Permite visitar museos a distancia, facer deseños de edificios ou aprender sobre as constelacións e planetas.

- **MEDICINA:** no caso de cirurxía específica, para virtualizar e simular partes do corpo. Ademais, para terapias que axuden a tratar traumas.

Centrándonos xa no noso medio, a realidade aumentada é unha forma de estudo que se practica nas aulas, e que posúe varios beneficios:

- Incrementa a imaxinación.
- Varias opcións para xogar.
- Estudar e aprender con facilidade.
- Divertirse e aprender cousas novas.

Por iso, para afianzar mellor os contidos empregamos varias aplicacións na aula, coas que experimentamos e investigamos outra forma de aprender.

Quiver Vision



É unha aplicación gratuita da realidade aumentada. Está dispoñible para todos os dispositivos e o seu funcionamento é moi sinxelo. En primeiro lugar hai que imprimir uns debuxos que nos gusten da web. Colorealos, abrir a aplicación, enfocar o debuxo e darlle o play. De repente, como

por arte de maxia poderedes ver nas vosas pantallas unha versión en 3D.


Nós, os alumnos de 6º empregámola cando estudamos o tema da célula. Puidemos observar tanto a célula animal como a vexetal en 3D, así como aprender características e elementos que as conforman.




Virtuali - Tee



Esta aplicación consiste nunha camiseta, que ao ser enfocada cun móbil ou unha tablet, consegue mostrar o mapa interactivo de todos os órganos internos da persoa que a leva. Ao iniciar a aplicación no dispositivo e enfocala cara a camiseta, permite explorar o corpo humano por dentro. Unha forma divertida de pescudar na nosa anatomía e analizar os distintos aparellos que a conforman.




Merge Cube



Esta aplicación permite crear un holograma nas túas mans que cambia en función da temática elixida, permitindo así interactuar

no mundo dixital. Repasando contidos sobre as plantas, o sistema solar, entre outros moitos.



Aprender desta forma interactiva e entretida fai que a ensinanza sexa máis

efectiva, e que os contidos se reteñan mellor e durante máis tempo.

A densidade

Alunos de 6º Primaria

Que é a densidade?

Ao longo do terceiro trimestre, estudamos a materia e algunhas das súas propiedades. A materia é todo aquilo que ten masa e ocupa un lugar no espazo. Ligado a este concepto vimos que era a densidade. Pódese entender por densidade a relación que existe entre a cantidade de materia dun corpo e o espazo que ocupa, é dicir, o seu volume.

Para comprender mellor este concepto, decidimos realizar unha columna de densidades dende os nosos fogares, é dicir, comprobamos como todos os líquidos non pesan o mesmo.



Para este experimento imos precisar:

- Mel
- Deterxente para lavar a louza
- Auga
- Aceite
- Alcol
- Un vaso de tubo/frasco de cristal/ probeta

Como fixemos a columna?

En primeiro lugar preparamos en pequenos recipientes a mesma cantidade aproximada de todos os líquidos.





Logo, na probeta ou no noso caso un vaso de cristal, fomos introducindo as substancias da seguinte maneira:

- 1. Mel:** hai que botala amodo, vixiando que non toque o mel as paredes do frasco.
- 2. Auga:** podemos engadir previamente unhas gotas de colorante para logo diferenciala do alcol.
- 3. Aceite:** a continuación engadimos o aceite.
- 4. Alcol:** tamén aquí podemos tinxilo cunhas gotas de colorante para obter un resultado aínda máis vistoso e non confundilo coa auga.

É importante ir introducindo no vaso todos os líquidos de maneira moi suave e lenta. Pois do contrario, se caen con moita forza mestúranse e teremos que esperar ata que cada líquido se sitúe na súa posición. O resultado final vai ser unha columna de cores, sen mesturarse, pois cada unha das substancia que engadimos posúe unha densidade distinta.



Aquí algúns dos nosos resultados:



Recreos activos

Alumnos Ed. Primaria

Convivencia, deporte, saúde



Galiñas de Mos

Criando pitiños

A Galiña de Mos (ou Raza de Mos) é unha das razas de pita máis antigas da península Ibérica. Orixinaria de Galicia debe o seu nome á parroquia de San Xiao de Mos (no concello de Castro de Rei, Lugo), xa que foi nesta zona onde se comezou o proceso de selección para a recuperación da raza orixinal.

O trazo máis salientable é a súa crista en chicharo, que se caracteriza por ser pequena e ter tres filas de papilas ou puntos. Esta raza adáptase con facilidade a condicións climatolóxicas adversas.





M. VICTORIA DE PAZ



FRANCISCO J. GARCÍA



YOLANDA VÁZQUEZ



BENJAMÍN MURAS



ÁNGELES PERERA



PROMOCIÓN 6º EDUCACIÓN PRIMARIA 2019-2020



YANIRA
ÁLVAREZ LÓPEZ



NEREA
AYÁN FARELO



SAMUEL
CAPÓN GIL



LAURA SOFÍA
LÓPEZ CABRERA



LAURA
LÓPEZ DÍAZ



JOSÉ
MONTERO CASTELLÓN



CP9 Ramón Piñeiro
Láncara



MARÍA
PLAZA BALBOA



UXÍA
RODRÍGUEZ SÁNCHEZ



LORENA
SEIJAS RODRÍGUEZ



MENCIA
SOTO PÉREZ



RODRÍGO
VÁZQUEZ LÓPEZ

Semana STEM nos Peares

Alumnos 1º de ESO - Biología

Participamos na semana STEM organizada pola Consellería de Educación nos Peares.

Durante este tempo traballamos contidos de ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas.

As instalacións



Presentación



No recreo

O domingo, 24 de novembro, comezou a nosa experiencia agardando o autobús que nos ía levar aos Peares. Estabamos moi nerviosos, xa que para moitos/as de nós era a primeira vez fóra da casa tanto tempo.

Cando chegamos explicáronnos as normas que tiñamos que respectar no campamento e tivemos que entregar o móbil e as lambetadas. Ao longo da tarde fónonos acomodando, coñecemos aos monitores e aos novos compañeiros; compartiamos aventura cun centro de Lalín e outro de Ourense.

Xogos educativos



De excursión polo pobo



Na área recreativa



Ao día seguinte, despertáronnos con música rock. Vaia susto!


Dividíronnos en grupos para realizar as distintas actividades. Ao longo da semana, asistimos a numerosos talleres: xogos matemáticos, trivial, makey makey, microbit, robótica, efecto invernadoiro, pegada ecolóxica e renovables.



Pegada ecolóxica



Microbit



Unha das actividades máis emocionante e interesante foi a xincana científico-tecnolóxica. En grupos tivemos que superar numerosas probas contra reloxo. O equipo gañador recibiu unhas xemas coma premio, que servían para o proxecto do último día.



Xincana científico-tecnolóxica



Tamén realizamos competicións deportivas, un debate, ideas inspiradoras, excursións pola vila e o desafío final, no que gañamos o primeiro premio coa maqueta dun pozo.

Ás noites tiñamos actividades moi divertidas para relaxarnos: caixa de música, casino, cine, factor X, disco.

O sábado preparamos as maletas e desfixemos as camas. Despedímonos dos amigos e regresamos ao colexio onde nos esperaban os nosos familiares.

Foi unha intensa e bonita experiencia, aprendemos e nos divertimos moito.

Grazas a Pilar por acompañarnos.




Gañadores do desafío final

Obradoiro de estruturas

Alumnos de 2º ESO

En febreiro, profesores e alumnos da Escola de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Coruña, achegáronnos obradoiros de

Tecnoloxía, dentro do proxecto Camiños de Futuro:



Analizamos estruturas e os esforzos que soportan.

Comprobamos a resistencia dunha estrutura de dovelas en forma de arco.

Experimentamos cos límites elásticos de materias metálicas.

Comprobamos o comportamento das estruturas fronte a ondas sísmicas.



UN DOUTOR NA CAMPIÑA



Dirección: Thomas Lilti

Reparto: François Cluzet, Marianne Denicourt, Christophe Odent, Patrick Descamps

Título en V.O.: Médecin de Campagne

Nacionalidade: Francia

Ano: 2016

Data de estrea: 27-05-2016

Duración: 102'

Xénero: Comedia, Drama

Guión: Baga Kasmi, Thomas Lilti

Fotografía: Nicolas Gaurin

Sinopse: Toda a xente desta pequena zona rural pode contar con Jean-Pierre (François Cluzet), o médico que lles ausculta, cúraos e tranquilizaos a calquera hora do día, durante os sete días da semana. Enfermo tamén, á súa vez, acepta a chegada de Nathalie (Marianne Denicourt), doutora

que cambia o traballo de hospital para axudalo como médico rural. Pero, arranxarase para adaptarse a esta nova vida? e, sobre todo, conseguirá o reto de substituír a aquel que se cría insubstituíble?

Crítica: Médico supremo, paciente deficiente. Así é o protagonista dun Doutor na campiña, o xefe da comarca. Un home que cura cada día, coa medicina, co trato e co ánimo, pero que quizais non poida curarse a si mesmo. Tumor cerebral. A partir de aí, un conxunto de historias ao redor da odisea de existir.

A pesar da súa falta de ambición formal, non hai dúbida da habilidade do cineasta para manter baixo control o ton de 'Un doutor na campiña'. Sempre mesurado, nunca efectista. E a súa boa man cos, estupendamente elixidos, actores.

O mellor: os actores e a súa contención tonal.

O peor: que o cinismo nos faga pensar que o seu é un discurso inxenuo.

Cualificación:



O SEÑOR HENRI COMPARTE PISO



Dirección: Ivan Calbérac

Reparto: Claude Brasseur, Noémie Schmidt, Frédérique Bel, Guillaume de Tonquédec, Thomas Solivérès

Nacionalidade: Francia

Ano: 2015

Data de estrea: 03-03-2017

Duración: 99

Xénero: Comedia

Guión: Ivan Calbérac

Fotografía: Vincent Mathias

Música: Laurent Aknin

Sinopse: O señor Henri é un vello gruñón xa xubilado que vive no seu apartamento de París. Aínda que é feliz vivindo só, a súa delicada saúde fai que o día a día sexa cada vez máis difícil. En contra da súa vontade, o seu fillo Paul convénceoo para

alugar un dos seus cuartos baleiros a Constance, unha nova estudante chea de vitalidade. Pero en lugar de sentirse agradecido pola compañía da recentemente chegada, Henri utilizará a Constance para sementar o caos dentro da familia.

Crítica: Xoga moi ben co intercambio continuo de roles entre ambos os personaxes e a maneira en que interactúan cos demais. Sobre unha leve escusa argumental que lembra a 'Noiva por contrato' (Tom Dey, 2006), 'O Sr. Henri comparte piso', en realidade, fálanos da vida, das súas etapas, como un xogo de madura inmadurez.

O mellor: reencontrarse co gran Claude Brasseur.

O peor: esquematiza un tanto ao personaxe do fillo.

Cualificación:



Cronoloxía dunha pandemia

Roi Pérez López - 3º ESO

COVID-19, SARS-CoV-2, CORONAVIRUS.

A ENFERMIDADE, O VIRUS E O NOME QUE CAMBIARON A FORMA DE VIDA DUNHA SOCIEDADE.

Coronavirus, a palabra da que fai apenas 5 meses non sabemos nada e agora sabémolo todo, pero todo. Esta palabra non só pasou a formar parte do noso vocabulario común, é máis, meteuse na nosa forma de pensar, actuar e vivir.

Empezamos a ter os primeiros indicios dunha posible nova enfermidade o 4 de decembro de 2019 en China, máis concretamente, na cidade de Wuhan. Ese día o hospital informou de 4 casos de pneumonía e curiosamente os catro enfermos traballaban no mercado da cidade.

Non foi ata o 30 de decembro cando as autoridades competentes de Wuhan informaron ao goberno e o 31 cando informaron á OMS.

O primeiro de xaneiro, foi diagnosticado con coronavirus un médico do hospital da cidade. Nese momento cerrouse o mercado municipal e os científicos comezaron a descartar posibles enfermidades relacionadas, como o SARS ou o MERS.

Poucos días despois a Covid-19 non se sumaba de dous en dous senón que se multiplicaba e pouco a pouco chegouse a ter que declarar pandemia.

Non tardou moito en aparecer no vello continente. Os primeiros casos de España foron nas illas Canarias e Baleares. Pouco despois chegou a Italia, no norte abriuse un novo foco de contaxios do cal se estima que saíron o 80% dos casos en Europa e do 20%, a súa vez, nos Estados Unidos de

América, onde, hoxe en día se sitúa o maior número de infectados activos do mundo.

Pouco tardou en manchar a toda a sociedade española e obrigounos a confinarnos. De todo a nada. Da felicidade ao confinamento e illamento en menos de nada.

De 2 a 20 de 20 a 80 de 80 a 300 de 300 a 1.000 e de 1.000 a... Unha das comunidades máis afectada foi a de Madrid chegando aos 70.000 contaxios. Non moi lonxe de Cataluña e Castela A-Mancha con 59.000 e 17.000 respectivamente.

A cifra de contaxios ascendeu en todo o país ata superar os 243.000. Auténticas masacres en residencias da 3ª idade, nas que se cre que morreu moita xente por coronavirus pero, ao no facerlles as probas, non contabilizaron oficialmente. 27.136 son os mortos á día 15 de xuño e estimase que sumando as posibles mortes non oficiais suban ata as 30.000. O pico de mortes tivo data o 2 de abril con 950 falecementos.

Destacaron tamén países veciños como Inglaterra que acadou os 297.342 contaxios e superou as 41.000 mortes. Ao outro lado do charco, e sen aínda chegar ao pico, encóntranse Brasil e os Estados Unidos de América, con máis de 2.8 millóns de contaxios entre os dous.

Foi o luns 8 de xuño cando o goberno central comeza a "desescalada", personalizada para cada comunidade autónoma. Os territorios máis atrasados foron Barcelona,



Comunidade de Madrid e as provincias limítrofes.

Por outra parte, en Galicia, o goberno solicitou a saída do estado de alarma para o día 15 de xuño e foi aprobada, pero a autonomía terá que decretar medidas sanitarias para non facilitar o contaxio.

A partires do 1 de xullo España abrirá as súas fronteiras para os países de Europa e do espazo Schengen salvo Portugal que se demorará ata o 15.

Foron máis de 500.000 os desempregados pola pandemia, entre os despedidos máis importantes destacan a planta de Alcoa en Lugo (1.500) e a fábrica de Nissan (4.000), en Barcelona.

A situación de crise que imos vivir vai a ser, aseguran expertos, peor que a crise do 2008. "Precisamos emprendedores e xente con moitas gañas de levantar o país" cita un deles.

Nunca vivimos algo así e por iso vivimos historia, vivimos unha historia moi inxusta pois cobrouse a vida de moita xente que pasou de todo a nada. Unha forma de vida desaparece bruscamente e comezan os primeiros brotes doutra ben diferente, pois moi probablemente virá marcada polo distanciamento e por prescindir da compañía dos que máis queremos.

Unha sociedade sotérrase e outra invade un país que levanta a cabeza para achegar un pouco de aire e poder respirar.

CRONOLOXÍA. Comeza a loita:

7 de xaneiro de 2020. Comezan as primeiras investigacións e denomínase ao novo coronavirus 2019 n-CoV. Este virus ten a súa orixe nun animal e mutou ata afectar os humanos. No mundo hai dous casos recentes: a Síndrome Respiratoria de Oriente Medio (MERS, polas súas siglas en inglés) que xurdiu en Arabia Saudita en 2012, infectou a 2.500 persoas e matou 800, e a Síndrome Respiratoria Aguda Severa (SARS), que se desatou na provincia chinesa de Cantón, infectou a 8.000 persoas e matou a 770.

9 de xaneiro. 1 morto. Hai 40 contaxios e toma forza a hipótese de que o foco está no mercado de marisco de Wuhan. Un espazo no que se ofertaban centos de animais, vivos e mortos. Dende crocodilo a pangolín, pasando por vacas, cans ou serpes.

13 de xaneiro. Tailandia confirma o seu primeiro caso de 2019- nCoV fóra de China. En total hai 50 contaxiados por coronavirus.

23 de xaneiro O escenario cambia; multiplícanse os casos e China toma medidas. Hai 581 casos diagnosticados e 17 mortes. O país clausura a cidade de Wuhan e outras lindeiras. Son 40 millóns de persoas en illamento domiciliario. Anúnciase que construírán un hospital de 1.000 camas en 10 días. Ademais, algúns países empezan a tomar precaucións, cancelanse voos e fanse controis de temperatura en aeroportos ou na rúa.

25 de xaneiro. O coronavirus chega a Europa. Un home de 80 anos procedente

da provincia de Hubei dá positivo en Francia. No mundo hai 1.320 contaxiados confirmados, 41 mortos e 49 recuperados.

30 de xaneiro. O coronavirus de Wuhan supera ao SARS. Hai 8.235 contaxiados e 22 países afectados. Os mortos ascenden a 171 e outros 141 recuperados. O Goberno repatría a 22 españois de Wuhan. Á súa chegada, quedarán 14 días de corentena por diante.

31 de xaneiro. Primeiro caso diagnosticado por coronavirus en España. Un cidadán alemán que se atopaba de viaxe na Gomera dá positivo. O caso é importado, é dicir, que ese contaxio produciuse no estranxeiro. No mundo hai 9.776, 213 mortos e 220 recuperados.

2 de febreiro. En China terminan o hospital e xa está operativo. Os contaxiados aumentaron a 14.637. Son 305 os mortos e 487 os recuperados.

4 de febreiro. 20.000 casos no mundo. O morcego aparece como posible orixe.

5 de febreiro. Está previsto que se celebre o Mobile World Congress en Barcelona a final de febreiro e o evento comeza a poñerse en dúbida. Algunhas empresas cancelan a súa participación polo medo ao contaxio. En cada edición prodúcense uns ingresos de 500 millóns de euros, 12.000 postos de traballo e prevese unha asistencia de 100.000 persoas de 200 países (o 16% delas asiáticas).

6 de febreiro. Morre o médico de Wuhan Li Wenliang. El deu a primeira alerta a través dunha rede social e foi reprendido polas autoridades policiais do país chinés por difamación. Contaxiouse e faleceu. Tiña 34 anos. Hai 28.344 contaxiados confirmados, 565 mortos e 1.500 recuperados en todo o mundo.

8 de febreiro. Primeira morte dun estranxeiro. Un estadounidense que se

atopaba en Wuhan, no foco da epidemia. Son máis de 700 os falecidos.

9 de febreiro. Segundo caso en España, en Palma de Mallorca. Un home británico dá positivo tras ser contacto doutro caso detectado en Reino Unido. Son 24 os países afectados á marxe de China. Os contaxiados en todo o mundo superan os 37.000. Hai 800 mortos e 3.200 recuperados.

13 de febreiro. Adeus ao Mobile. Barcelona deberá esperar un ano para celebrar a súa cita mundial coa tecnoloxía móbil. Ademais, os repatriados españois terminan a súa corentena. En marzo coñeceríase que a primeira vítima mortal do coronavirus en España faleceu este día en Valencia. Neste momento, a epidemia mundial supera os 60.000 contaxios e 1.300 mortos.

14 de febreiro. O paciente da Gomera e o de Palma de Mallorca son dados de alta.

7 de febreiro. Desde China chegan algúns vídeos sobre a situación dos hospitais e a súa vida en illamento. Algúns deles mostran imaxes duras, como falecidos nos mesmos corredores onde se atende a algúns dos infectados. A epidemia alcanza a 71.800 contaxiados diagnosticados e 1.700 mortos.

19 de febreiro. Hai dúbidas sobre a estimación real da epidemia. Hai 75.000 infectados en todo o mundo, a maioría en China (99%), pero constatouse que o país asiático non puido conter a epidemia e a transmisión persoa a persoa está a darse noutros lugares. En España, o Ibex marca os seus máximos nos 10.083 puntos. Desde aí, comeza a caer polo medo ao impacto económico do coronavirus.

20 de febreiro. Con 111 casos e 1 morto, Corea toma medidas drásticas. Empeza a realizar un elevado número de test e pechan as universidades, garderías, escolas... Mentres, transcendeu que o novo

coronavirus chámase SARS-CoV-2 e a enfermidade que causa chámase Covid-19.

21 de febreiro. Toma forza a idea de que a epidemia do coronavirus de Wuhan pasa a ser unha pandemia. Preocupan os casos de persoas contaxiadas que non son diagnosticadas porque presentan síntomas leves ou mesmo son asintomáticas.

23 de febreiro. Italia empeza a clausurar municipios trala segunda morte no país. En España reúnese o Comité de Seguimento do Coronavirus.

24 de febreiro. Terceiro caso en España: un turista italiano que se atopa de viaxe a Adeje, Tenerife. O viaxeiro é natural de Lombardía, Italia, e nesa zona están comezando a aumentar considerablemente os casos. Outros tres dos seus acompañantes tamén dan positivo e no hotel no que se aloxan quedan en corentena preto de 1.000 persoas. En todo o mundo hai preto de 80.000 persoas diagnosticadas, 2.600 mortos e 25.000 infectados recuperados.

26 de febreiro. Xa son 10 os casos en España e o Ministerio de Sanidade di en Twitter que se chegas dunha viaxe desde unha zona de risco e non tes síntomas, podes facer «vida normal».

28 de febreiro. 32 casos diagnosticados en España. A falta de máscaras comeza a ser un problema no país, a pesar de que as autoridades competentes lembran que non son efectivas para persoas sas. O problema estenderase no tempo.

2 de marzo. 114 casos diagnosticados en España. O coronavirus xa se estende pola práctica totalidade do país e o Goberno, por primeira vez, recoñece que contempla a posibilidade de ordenar «restricións» relacionadas «con agrupamentos de persoas» nalgúns zonas. Empézase a falar do teletraballo. Torrexón de Ardoz, en Madrid, e Vitoria, centran a preocupación

dos casos en España. Ademais, a UE eleva o risco de contaxio do coronavirus de «moderado a alto».

3 de marzo. As autoridades españolas informan que a primeira morte por coronavirus en España produciuse o pasado 13 de febreiro en Valencia. O home, de 69 anos e que viaxara a Nepal, faleceu dunha pneumonía descoñecida. No escenario actual, o Goberno instou a realizar unha segunda análise a falecidos nestes termos e deu positivo. Doutra banda, Sanidade descarta pechar os colexios tras os primeiros contaxios en nenos.

5 de marzo. Terceiro falecemento, en Madrid. É unha muller de 99 anos. 261 casos diagnosticados e 3 mortos. Preocupa agora a celebración do 8 M, o Día da muller traballadora, pero non hai restrición algunha por parte do Goberno. Algúns dos illados no hotel de Adeje terminan o seu confinamento.

8 de marzo. 674 casos diagnosticados e 17 mortos. Celébrase o 8 M, con menor afluencia que o ano anterior, pero con miles de persoas nas rúas. Son 120.000 en Madrid.

10 de marzo. Finaliza a corentena no hotel de Adeje. Hai 1.639 contaxiados confirmados en España, 36 mortos e 135 altas médicas.

11 de marzo. A OMS declara oficialmente o coronavirus como unha pandemia. No mundo hai 119.300 contaxiados confirmados, 66.000 recuperados e 4.200 mortos. Na península, hai casos en todas as rexións. Son 2.140 infectados, 183 falecidos e 48 recuperados. A Comunidade de Madrid pon en marcha o peche de garderías, colexios e universidades. Sanidade advirte de que podería tardar ata catro meses en atallar a epidemia e crece o número de países que limitan a entrada de viaxeiros procedentes de España.

12 de marzo. O Ibex-35 afúndese un 14% na súa peor sesión da historia. Un día máis tarde, o selectivo español pechou a súa segunda peor semana da historia ao retroceder un 20,85%. En España hai 2.950 casos, 84 mortos e 189 altas médicas.

14 de marzo. Pedro Sánchez alerta da posibilidade de que España chegue aos 10.000 contaxiados confirmados ao longo da próxima semana. Ata o de agora son máis de 6.000 infectados e 193 mortos. O presidente convoca un Consello de Ministros extraordinario para aprobar o estado de alarma.

15 de marzo. Comeza o estado de alarma e o deber de confinamento dos cidadáns.

18 de marzo. Informan de varios casos de contaxios en residencias de maiores en España, onde se produciron varias decenas de mortes. Hai 13.716 casos, 598 falecidos e 1.081 curados en España e no mundo supéranse os 200.000 casos e 8.000 mortos. O Goberno español anuncia que fará test rápidos aos enfermos leves para mellorar a detección e control da pandemia. China avisa de que ten unha vacina que está a probar e a OMS pon en marcha un gran ensaio clínico a nivel mundial para analizar cal é o mellor tratamento.

3 de marzo. España achégase ao pico da pandemia. Os falecidos ascenden a 2.355 e os contaxiados a 33.089. A cifra segue subindo, pero o ritmo de infectados xa non se dispara. Hai máis de 3.000 profesionais sanitarios afectados polo coronavirus.

28 de marzo. A cifra de mortos alcanza o máximo en 24 horas con 832 máis e Pedro Sánchez anuncia un Consello de Ministros extraordinario o domingo para aprobar a ampliación do confinamento dos seguintes 15 días a todos os traballadores de actividades non esenciais. Hai 5.690 falecidos, 72.598 contaxiados e 12.285 pacientes recuperados.

30 de marzo. Descende por primeira vez o número diario de novos falecidos (812) e alcanza os 7.340. Con todo, España xa supera a China con máis de 85.000 contaxios diagnosticados. Hai 16.700 pacientes recuperados. Fernando Simón, director do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias, dá positivo e deixa a primeira liña tras estar á fronte da información da pandemia desde o inicio. Debido á saturación dalgúns hospitais, Sanidade estuda o traslado de pacientes en UCI entre comunidades.

2 de abril. Con máis de 10.000 falecidos (950 máis en 24 horas) España aglutina o 20% das mortes por coronavirus de todo o mundo. Os efectos da crise sanitaria deixan a súa pegada no mercado laboral, coa maior destrución de emprego da historia: 900.000 afiliados menos á Seguridade no último mes.

6 de abril. A cifra dos falecidos continúa á baixa en España, a pesar de que aínda se rexistran máis de 600 decesos diarios. Con todo, os datos apuntan a que se está dobrando a curva e o Goberno comeza a preparar xa o regreso á vida normal dos cidadáns de forma graduada. Unha das posibilidades que se baralla é impoñer o uso de máscara para toda a poboación, unha opción que ata o de agora descartaban os expertos da Organización Mundial da Saúde. Mentres as cifras de contaxios dispáranse en EE UU e en Reino Unido, o primeiro ministro, Boris Johnson, tivo que ser ingresado na UCI. As mellores noticias chegan desde China; por primeira vez en meses, non se rexistra ningunha morte por coronavirus no xigante asiático.

10 de abril. O Goberno empeza a recomendar o uso de máscaras e aproba un novo tramo da liña de avais que irá destinado integramente a pemes e autónomos. Facenda, ademais, anuncia

que estes poderán pagar os seus impostos de abril o 20 de maio.

21 de abril. Os falecidos pola Covid-19 volven aumentar. Tras descender por debaixo das 400 vítimas este luns, hoxe volve crecer o número ata os 430. No que respecta ás medidas do Goberno, este viuse obrigado a rectificar a súa proposta para que os menores de 14 anos poidan saír de casa só se acompañan aos seus pais ao supermercado, a farmacia ou o banco. Tras o aluvión de críticas, os nenos poderán finalmente saír a pasear.

26 de abril. Os nenos, seguindo as normas pautadas polo Goberno, saen á rúa por primeira vez desde que se decretou o estado de alarma. O Ministerio de Sanidade informa de 288 novas vítimas mortais en España en 24 horas. Ademais, desde este domingo o Goberno só conta os casos diagnosticados por PCR, non os positivos en test de anticorpos.

7 de maio. As mortes polo novo coronavirus contabilizaron este xoves 213 novos falecidos, 31 menos que o mércores, o que eleva a cifra total de decesos pola Covid-19 en España a 26.070 persoas. Trátase da segunda xornada seguida que se supera a barreira dos 200 decesos en 24 horas despois de tres días consecutivos por debaixo desa cifra. O número de casos positivos confirmados polos test PCR, os máis eficaces, mostra que 221.447 persoas contaxiáronse desde que empezou a crise sanitaria. Mentres, o Goberno afina a "desescalada" por fases. Todo apunta que Comunidade de Madrid, Cataluña e Castela e León deberán permanecer aínda na fase 0.

26 de maio. Xa son oito as comunidades que non rexistran novos falecidos (Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Navarra, País Vasco) e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

En Castela e León houbo catro vítimas, dúas en Castela-A Mancha, dúas na Comunidade Valenciana, dúas en Extremadura, unha en Galicia e outra en Murcia. Mentres que Cataluña (9), A Rioxa (8) e Madrid (6) concentran o resto da mortalidade.


27 de maio. España amenceu este mércores de loito oficial, coas bandeiras a medio mastro en recordo das vítimas do coronavirus, 27.118, segundo os últimos datos facilitados. Así permanecerán ata o venres 5 de xuño, dez días en total para «chorar por tantos miles de compatriotas que perdemos nesta pandemia», lembrou o Rey no acto organizado en Zarzuela ao mediodía. En materia económica, UE anunciou o seu plan de recuperación. Trataríase dunha axuda de urxencia sen precedentes. As contías concretaríanse este xoves, pero nun primeiro cálculo, Italia obtería 172.745 millóns de euros (ao redor de 82.000 só en subvencións) e España, 140.446 (77.000 sen reembolso).

2 de xuño. O Ministerio de Sanidade mantivo este martes por segundo día consecutivo a cifra total de falecidos por coronavirus en España en 27.127. Polo tanto, segundo o documento oficial (o número 124 da serie histórica), non se produciron mortes desde o pasado sábado por mor da enfermidade, un extremo que convén analizar con cautela debido aos atrasos nas notificacións por parte das funerarias e os rexistros civís, «polo que a cifra podería aumentar nos próximos días», recoñecen os expertos que asesoran ao Goberno. Ademais, as comunidades autónomas notificaron 34 novos decesos pola enfermidade con data de defunción ao longo da semana anterior.

15 de xuño. Levántase o estado de alarma en Galicia, e a responsabilidade cae sobre a Xunta. O presidente, Feijóo, anuncia que vai deseñar medidas especiais para este nivel de "desescalada" final e autonómico.

Scriptorium

Alumnos de 4º ESO de Relixión



O curso pasado, despois dunha excursión ao Mosteiro de Sobrado dos Monxes, organizada polo Dpto. de Historia para coñecer a súa historia e riqueza arquitectónicas, xurdiu a idea de facer un libro sobre el.

Un pequeno grupo de alumnos, que cursaba daquela 3º ESO, puxémonos a traballar, como facían os copistas medievais.

Agora xa en 4º ESO e a piques de finalizar a nosa estancia no centro, queremos amosar este traballo multidisciplinar no que a Historia, a Música, a Bioloxía e a Relixión comparten espazo na vida deste importante mosteiro.


Ciencia na ESO: o ADN

Paula Álvarez López - 4º ESO



Os alumnos e alumnas de 4º ESO de Bioloxía, realizamos unha investigación e práctica relativa ao ADN.


Con respecto ao apartado de investigación, buscamos en diversas páxinas web unha serie de contidos interesantes e á súa vez necesarios para nós, entre eles, había un apartado destinado a curiosidades que a verdade e que nos impactaron moito debido a que se mostraban datos descoñecidos para nós.



Aquí deixámosvos un deles: o ADN de todo o noso corpo posúe unha lonxitude de máis de 100.000 millóns de quilómetros. A que é realmente impactante?

Tamén, como dixemos anteriormente, realizamos unha práctica de extracción de noso propio ADN. Imos contarvos un pouquiño como levamos a cabo esta actividade.

Primeiro creamos unha disolución de deterxente con auga (1 cullerada de deterxente e 3 de auga), outra disolución de salconauga(tivemosquedisolver1cullerada



de sal nun vaso de auga). Posteriormente, nun vaso baleiro, introducimos unha pouca auga coa cal enxaugamos a boca e, de novo, introducímola no vaso. A este mesmo recipiente engadímoslle unha pouca cantidade de ambas as disolucións (creadas anteriormente) e deste xeito xa obtiveramos o noso ADN.



Por último, tamén creamos un mural que colocamos nun dos corredores do centro, (xunto a unhas maquetas de ADN que tamén elaboramos), e que contiña información de tódolos traballos e datos moi curiosos.



Charla con Diego Vallejo

Alumnos de 2º e 4º de ESO

Charla con Diego Vallejo no centro de día de O Corgo: vivencias no rally Dakar e consellos para a vida.



Abrahán Cupeiro

Alumnos ESO

Tivemos a sorte de contar no noso centro con Abrahán Cupeiro, un músico con moita experiencia que achegou aos alumnos da ESO agúns instrumentos de vento esquecidos no tempo...



Acrosport

Alumnos de 4º ESO - Educación Física


Construíndo amizades nas clases de Educación Física.

"Pa haberse matao!"



Visita a USC

Alumnos de 4º ESO



Conferencia de Luis Liz Marzán

Alumnos de 4º ESO

Os alumnos de 4º de ESO asistimos en Lugo á conferencia do investigador Luis Liz Marzán, "Nanotecnoloxía no Ano da Táboa Periódica", polo Día da Ciencia en Galego.

Naceu e estudou en Lugo e Compostela. Actualmente Luis Liz traballa no País Vasco combinando a ciencia dos materiais a

escalas nanométricas (millonésimas de milímetro), con estudos relacionados coa medicina.

Conta con máis de 22 premios, máis de 400 publicacións, máis de 350 conferencias e co-inventor de 8 patentes.



CPI RAMÓN PIÑEIRO LÁNCARA

PROMOCIÓN 4º ESO - 2019/20



Dña. Mameña Vila D. Paco Souto Dña. Ángeles Perreira D. Jorge Rodríguez Dña. Ángeles Lombas D. Carlos Carballa Dña. Pilar López D. José A. Dominguez Dña. Rubén Quindín D. Miguel Flores



PAULA ÁLVAREZ LÓPEZ LUIS ÁLVAREZ RODRÍGUEZ ALEJANDRO CHOUSA REAL CARLA DÍAZ RODRÍGUEZ ALEJANDRO FERNÁNDEZ BREA



IRIA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ JOSÉ JAVIER GALLEGO SÁNCHEZ LETICIA LIMA GONÇALVES SERGIO LÓPEZ MORALES ANXO LÓPEZ REAL SERGIO MONTERO CASTELLÓN



BIETTO OTERO VILANOVA VÍCTOR PERAL OTERO JOSÉ LUIS PEREIRO LÓPEZ NURIA REY GONZÁLEZ IVÁN VILA CARRETE

Visita a Fontecelta

Alumnos de 4º de Primaria

En febreiro os alumnos de 3º e 4º fixemos unha visita á factoría de Augas de Fontecelta, situada en Céltigos (Sarria). No percorrido explicáronnos o proceso de produción da auga desde o manancial

pasando polo envasado e embalado para a súa distribución. Tamén nos agasallaron cunha mochila onde non podía faltar a auga.



Viaxe a Coruña

Alumnos de 5º e 6º de Primaria

Os alumnos de 5º e 6º de Primaria fomos de viaxe a Coruña onde visitamos a Casa Das Ciencias, o Planetario e a casa de Maria Pita.



Visita a O Veral

Alumnos de 5º e 6º de Primaria



Alí realizamos unha actividade chamada "O bosque oculto" mediante a cal podemos coñecer máis en profundidade algúns dos animais que viven no bosque, as súas pegadas, a súa alimentación... Logo realizamos un roteiro a carón do Río Mera no que podemos observar a contorna e distintos elementos do noso medio rural, e mesmo tivemos a sorte de ver algún que outro animal.

Outra das saídas que fixemos xuntos os alumnos de 5º e 6º de Primaria foi ó Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de O Veral.



Excursión fin de etapa: Andorra



Alumnos 4º ESO


Foi unha semana de moita convivencia e moito deporte que deixou un gran sabor de boca a tod@s.



Viaxe a Irlanda

Alumnos de 2º, 3º e 4º ESO





O magosto...

As cestas...



... e máis cestas!



Festival de Nadal



Postais de Nadal feitas por alunos de Infantil



Gañadores das cestas de Nadal 2019



Entroido 2020

Sátira, cor e diversión









Día internacional contra a violencia de xénero

Para conmemorar este día os alumnos de 4º de ESO asistimos a una obra de teatro



Charla sobre a igualdade

Xusto antes do Nadal: charla sobre a igualdade para 6º EP e a ESO... cunha espontánea inesperada.



Día Internacional da Muller e a Nena na ciencia

O mundo necesita ciencia, e a ciencia necesita mulleres e nenas. A día de hoxe, só o 30% dos investigadores en todo o mundo son mulleres, e só o 35% de todos os estudantes matriculados nos campos de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas (STEM) son mulleres.

O 11 de febreiro, celebramos o Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, unha gran ocasión para romper estereotipos, desafiar os prexuízos de xénero e derrotar a discriminación nos campos de STEM.

O venres 14 de febreiro estivo con nós GEMMA ROJO LÓPEZ, enxeñeira de Camiños, que nos falou da súa traxectoria académica dende a aldea de Currelos (O Saviñao), ata a Escola de Enxeñaría de Camiños na Coruña, onde desenvolve a súa labor investigadora.



Día do libro

Alumnos de 5º de Primaria

Aínda que estabamos en cuarentena celebramos o Día do Libro con moitas

actividades e aquí van as artísticas: unha homenaxe ao Quixote.



Letras Galegas 2020

Alumnos de 5 e 6º de Primaria




En pleno confinamento, os alumnos de 5º e 6º de Primaria participamos nun bonito video feito polas nosas profes sobre o relato

de corte autobiográfico "As pitas baixo a choiva" de Ricardo Carballo Calero que podedes visitar na páxina web do centro.



... e tivemos un remate inesperado

Dende o luns 16 de marzo, non volveu haber actividade lectiva nas inslaci3ns do centro e comezou o per3odo de confinamento.



Escritos do confinamento


Alumnos de ESO



Variación sobre os peixes de Rodari

Era un día tranquilo no río para un pequeno peixe; de repente chegoulle un cheiro curioso, deixouse levar polo olor e descubriu ... “Unha miñoca! Ten que estar deliciosa. Vouna comer”. Pero cando ía abrir a boca viu que unha sombra moi grande se acercaba e cando se quixo dar conta era un peixe enorme. O pequeniño asustouse. Díxolle o grande:

- Tranquilo, meniño, non che vou facer nada!. Só veño avisarte de que non probes esa miñoca. - Por que? -preguntou o peixe, sorprendido.



-Pois, mira, por dúas razóns -respondeu o grande-. A primeira é que se mordes a miñoca, péscante, rebózante en fariña e frítente na tixola; despois, cómete con dúas follías de leituga de gornición.

- Arrea! Moitas grazas.

Salváchesme a vida. E a segunda?

-Pois... que se non escapas, comereíte eu.

O peixe pequeno botou a nadar con toda a présa que podía; cando encontrou un burato, meteuse alí e pensou: “menos mal que deí escapado a tempo”. O grande cansouse de esperar e marchou.

Gabriela Fernández Silva, 1º ESO

A tixola que quería ter memoria



Haí non sei moí ben canto tempo, na cocíña dun gran castelo vivía unha tixola que tiña máis anos có propio mundo. Un día, o cocíneiro faleceu, e no seu lugar veu un rapaz novo, sen experiencia. A tixola díxolle que se lle conseguía unha cita co señor da memoria podería ensinarlle moitísimas receitas, ata as favoritas do rei.

O rapaz cocinaba o que podía, dende unha tortilla ata... non moito máis, xa que, sexamos honestos, non tiña nin idea, e a tixola todos os días lle dicía o mesmo:

-Se tivese memoria, se puidese recordar... -salaiaba - cocinaría ben. Vai, búscalo.

Pasaba o tempo e a tixola, nin memoria nin nada; cada día máis desgastada. Unha tarde o rapaz tirouna. Ao cabo de tres días, acabou no vertedoiro soa e aburrída.

Unha mañá veu un home e colleuna como se viñese buscala, pegoulle un golpe, pousouna e díxolle:

-Comida favorita do rei?

-Macarróns con atún e queixo. Es o home da memoria?

-Sí. E, xa que cha deí, poderíame axudar, non?

-Por suposto. Dime de que se trata?

-Envelenar ao rei para selo eu. A ti podería darche vida e serías a miña cocí... raiña- sorriu maliciosamente, e planearon todo.

Á mañá seguinte as cousas foron segundo acordaran ata que a tixola traizoou o señor da memoria e contoullo todo ao rei. El mandouno apresar, aínda que logrou escapar. A tixola converteuse nunha afamada cocíneira, o rei seguiu vivo, e do señor da memoria esqueceronse todos.

Así viviron felices e comeron "perdices"(da tixola, por suposto).

Carla Folgueiras Díaz, 1º ESO



Neira



Háí moitos anos, preto de Castroverde, en Fontaneira, onde tomaban o mando os marqueses Luciano e Alsira, aconteceu unha traxica historia de amor.

Unha mañá mentras Carlos, o fillo do marqueses, visitaba o mercado da vila, coñeceu unha rapaza moi fermosa, filla de campesiños, chamada Neira. Traballaba levando mercadorías ao posto do seu tío.

Carlos, quixo acercarse a ela, pero desapareceu entre os postos do mercado.

Cando chegou ao pazo, contoulles o ocorrido aos seus pais, quen lle dixeron que a buscara se estaba namorado dela.

Pasaban os días e Carlos non encontraba a Neira, ata que de súpeto, cando volvía cara o pazo, atopouse con ela nas portas da cocíña. As súas miradas cruzáronse un instante; Neira saíu correndo e Carlos, seguíuna. Chegaron ata a fonte da vila e alí xuráronse amor eterno.

Desde entón, todos os días ao anoitecer, citábanse naquela fonte.

Unha noite de lúa chea, uns ladróns perseguírona ata alí, e ela desesperada, caeu nas profundidades. E faleceu.

Cando Carlos chegou, atopouna dentro da fonte e chorando pola súa amada, sacouna de alí con esperanzas de que aínda estivese viva.

Nese instante, as augas da fonte comezaron a correr montaña abaixo levando consigo o corpo da rapaza.

Carlos, só e triste sen saber ben que facer, quedou sentado na beira da fonte gran parte da noite. De súpeto, entre as árbores e auga abaixo, sentiu que Neira o chamaba.

O mozo foi na súa busca e alí estaba ela, camiñando sobre a auga e esperando ao seu amado.

Carlos sabía que a partir dese momento, se quería volver a vela, tería que acudir río abaixo ao seu encontro os días de lúa chea, cando as voces dos lobos tomaban a noite.

Esta é a historia que permanece nas augas do río Neira.

Paula López Pérez, 1º ESO.



Historia do gato leiteiro

Un gato vivía nunha granxa de vacas. O dono dáballle de comer, pero o que máis lle gustaba era o leite das súas vacas. Cando o home ía muxir, o gato acompañáballo; ao acabar, o granxeiro deixáballo nun balde o leite que sobrava. Logo, cando viña o leiteiro, o rapaz acariciaba o gato porque tiña un pelo moi suave. A muller do dono facíalle biscoitos de leite. O gato poñíase as botas; por iso estaba tan gordo.

Martín Iglesias Souto, 1º ESO



(Ilustración de José Luis Pereiro)

Cousas que me gustan (Recordando a Gloria Fuertes)

Gústame os trens

As antenas

Gústame a pizza

A pasta

As hamburguesas

As salchichas...

Gústame as persoas

Os vinilos

Os muíños de vento




Os avións.

Gústame os bebés...

Diego Pereira, 1º ESO



(Ilustracións de José Luis Pereiro)



O regreso

12 de marzo 2020

Ese día fun ao colexio coma calquera outro xoves e, cando marchei para casa, desde logo, non pensaba que non ía ver os meus amigos e os meus mestres durante varios meses.

A pesar diso, non todo é malo, porque así puíden disfrutar moito da miña familia. Almorzar con meus pais e meu irmán, a quen só vía polas noites, e agora, xogamos, reñemos e volvemos a amígnos.

Estes meses tamén me serviron para pasar máis tempo cos meus pais. Axúdoos algo, segundo eles, poco, pero pasámolo ben xuntos e rimos moito.



Pero se hai alguén a quen estou acompañando é a miña avoa. Ela é moi maior e ten unha enfermidade chamada alzheimer. Non sabe nada deste virus que nos está a manter a todos na casa, ela só sabe que pasou algo e por iso meu irmán e eu non temos colexio, e está feliz, feliz porque estamos todo o día con ela.

A pesar disto, estou desexando que chegue setembro para poder ver a todos no colexio, porque estou seguro de que volveremos; teremos que levar mascarillas, ter moita hixiene e sentidíño, pero o que nos espera é bo. Por iso, vémonos ao regreso.

Daniel López Arias, 3º ESO

Confinamento

Hai dous meses que empezou o confinamento porque unha enfermidade, chamada coronavirus, estaba acabando coa vida de moita xente.

Primeiro empezou en China, despois veu para Europa, ata que chegou ao noso país. Na televisión díciannos que quedáramos na casa, que só se saíra a comprar alimentos, á farmacia. Algunhas persoas tiñan que ir traballar, outras cerraros os seus negocios e outras quedaron sen traballo.

Non se podía visitar á familia, nin amigos, nin tampouco ir ao colexio; tiñamos que traballar desde a casa

A miña familia e eu vivimos nunha vila pequena e non tiñamos problema ningún porque xa estábamos case solos sempre, só saíamos a coídar aos animais e a buscar leña. A xente que vivía nunha cidade pasábao peor porque tiña que estar encerrada nun piso.

Neste tempo recibimos unha mala noticia. Un amigo noso morreu nun accidente e non puídemos despedirnos del nin ir darlle un abrazo á familia porque non se podía ir. Foi moi triste. Agora que xa mellorou algo a cousa puídemos ir ver a familia e amigos; polo menos animámonos un pouco.

Neste tempo non me aburrín porque tiven que facer os deberes. Puíden saír algo a fóra e tamén estiven axudando a pintar a meu pai e, como estaban cerradas as perruquerías, corteille o pelo a meu pai e el cortoumo a mín.

Javier Fernández, 3º ESO

Reflexión durante o confinamento

Hoxe podería ser un día normal, madrugar, ir á escola, pasar tempo cos amigos, incluso algo tan simple como abrazar aos meus avós e aos meus amigos.

Pero non, non é así. É un día distinto, aínda que case igual ca os anteriores.

Estos días estanme ensinando a valorar o que realmente teño. A querer que permanezan eses pequenos detalles nalgún lugar da miña memoria para que ninguén nin nada consiga desterralos.

As rúas repletas de silencio berran máis que nunca e a xente está máis unida que sempre.

Quizaís isto é xusto o que necesitamos: aprender a ser empáticos e xenerosos. É a única forma de loitar contra esta situación.

Cada día estamos máis cerca do fin e será entón cando todos poidamos empezar de novo: retomar todas esas cousas que tiñamos esquecidas e que xusto nestes días queríamos facer, abrazar a esas persoas que non se soltaron da nosa mente en ningún momento; e será con outras ganas, un abrazo que susurre: non quero soltarte nunca.

Pensemos que sempre hai un motivo que merece que sonriamos.



Nuria Rey, 4º ESO

Un mal día durante o confinamento: es forte!

Sei como te sentes ás veces, porque hai momentos nos que parece que nada ten sentido, que o tirarías todo pola borda e cambiarías a túa vida de golpe, sen pensalo e sen importar nada nin ninguén. Pero hoxe vouche explicar (ou intentar) por que non debes poñerte así: porque sempre vale a pena seguir adiante, porque un sorriso vale máis que mil lágrimas.

Vaíamos atrás, a cando eramos pequenos, a cando nada nos preocupaba. Que ves? Todo era máis fácil, verdade? Cando as cousas e o mundo se nos torcían, podían moldearse ao noso entollo, pois tiñamos quen nos coídate e se preocupase por nós; pero a realidade é diferente. Si había problemas, claro que os había, pero había quen tiñan os seus días duros a cambio da nosa felicidade.

Avancemos de novo, á actualidade, a eses días que non te deixan pensar con claridade, ás noites sen luz que tanto te asustan, a eses momentos nos que pensas que non hai nada que che guste de tí.

Direiche unha cousa: non creo que poidas deixar de verte tal e como es. E sabes por que?, porque non hai unha maneira máis bonita e increíble de ser un mesmo: admitindo os teus erros e, por suposto, valorando os teus acertos, sabendo que para alguén tí es o máis importante. Nunca trates de cambiar, porque se o fas, deixarás de ser ti mesmo.

Todos temos días malos, pero iso é porque valoramos moito máis os días bos e botámoslos de menos. Todos queremos sorrir pero chorar fainos humanos e demostra que nós, tamén temos sentimentos...

Es forte e podes con todo. Non permitas que nada nin ninguén che faga crer o contrario.

Paula Álvarez, 4º ESO

Na noite

23 de xuño. Unha data que recordamos despois do ocorrido aquela noite en que a nosa intención era comezar o noso mellor verán.

Trasládome a ese día: 23 de xuño.

A noite era cálida. Organizamos unha acampada. Xunto á fogata e comendo malvaviscos, comezaba a hora das historias de medo. Prendendo as lanternas, Marc empezaba coa súa versión da nena da curva pero, ao pouco tempo, inesperadamente, a choiva e a tormenta estragaron o noso plan. No medio do monte, correndo para buscar algún sitio a cuberto, demos cunha cabana onde pasar a noite.


Só coas lanternas continuamos a velada; repentinamente quedamos a escuras durante uns segundos, e cando todo volvía á normalidade, alguén preguntou: onde está Hugo? Mirámonos atemorizados, pero ninguén sabía onde se atopaba. Cando a tormenta pareceu calmarse, saímos a buscalo polos arredores, pero non o encontramos.

Ao día seguinte, fomos de novo a buscar a Hugo; esta vez un pouco máis lonxe. Despois dun anaco, Alex e Leire avisáronos de que había algo rechamante nun arbusto; de seguida vimos unha sudadeira amarela raxada e con manchas de sangue, a mesma que lavaba Hugo aquela noite. Está morto -pensaban algúns; desapareceu, hai que chamar á policía- dician outros, mentres eu pedía un pouco de calma.

A búsqueda prolongouse. Esgotados, chegamos á cabana e ao entrar, vimos unha nota na porta.

A fin de semana pode ser moi longa *

Pero uns ruidos entre as árbores interrompéronnos; a toda prisa entramos na cabana aterrados. Nas paredes había varias pintadas vermellas e Claudia sinalounos unha das mensaxes da parede en que, esborrachado con sangue, aparecía o nome de Hugo.

Marc	Leire	Alex	Álvaro
Claudia	Kate	Oliver	*
Emma	Joan	Hugo	

Sentín un calafrío; Leire e Joan gritaban ¡ISTO É ATERRADOR! ¡QUERO IRME DE AQUÍ! Todos desexabamos irnos pero estábamos illados e ata o luns pola mañá non virían recollernos.

Tentando dar cunha explicación lóxica, sospeitei de Alex e de Leire: quedarán na cabana por se aparecía Hugo mentres nós mirabamos os arredores e, ao día seguinte, foron eles dous quen atoparon a sudadeira. Non sei, pero todo aquilo era moi sospeitoso; ademais tiveran unha discusión antes de vir aquí.

Á mañá, mentres comíamos a pouca comida que quedaba, vimos outra nota nun dos paquetes de galletas.

As veces a persoa máis cercana é a máis sospeitosa *

A causa da nova nota, o grupo comezou a discutir; entre acusacións de uns e outros, unha voz grave dixo: - Alguén nos observa. Eu engadíñ: - Quizais non avaliamos correctamente os sinais e hai algo máis alá de todas estas notas.

*Mentras revisabamos as pistas, alguén se decatou de que en todas as notas e pintadas se repítia o mesmo símbolo * e despois, na porta, vimos outra nota no chan.*

*O instinto poucas veces nos falla **

Ao pouco, saín con Oliver. Durante o paseo, vimos alguén detrás dun arbusto, e un cabelo loiro pareceu asomar detrás daquela carapucha.

-Hugo?

A figura achegábase pouco a pouco, mentres eu, atemorizada, nos brazos de Oliver, pensaba no peor. Ao verlle a cara, abracei a Hugo pensando que o pesadelo terminara. Cando estábamos todos xuntos, contounos que fora el o que xogara con nós.

Marchamos daquela cabana deixando atrás unha gran anécdota que contar e unha fin de semana para lembrar.

Iria Fernández, 4º ESO



Silencio

Unha noite de verán, mentres todo estaba en silencio, eu, na cama, intentaba durmir, aínda que era case imposible debido a calor que facía.

Tiña as ventás do cuarto abertas para que entrase algo de aire fresco e, de repente, escoitei o can que empezaba a ladrar, pero dunha maneira diferente a outras veces, e dixeran para mín: “que lle pasará?”.

De alí a dez minutos, máis ou menos, empezou a sentirse ruído de trebóns moi fortes e a verse como o ceo se iluminaba coas luces producidas polos raios. Eu comecei a asustarme un pouco, e con cautela berrei a miña nai decíndolle que tiña medo porque, se a esperto mentras está a descansar un pouco, regañame.

Ela espertou e díxome que non pasaba nada, que non tivese medo, pero nese intre empezou a caer a choiva de maneira intensa e en forma de pedra, facendo moitísimo ruído, como se fose a romper o teito da casa.

O que si fixo foi estragar moitas cousas e dende aquela sempre teño moito medo cando hai treboadas moi fortes, sobre todo pola noite e cando todo está en silencio.

Miguel Fernández Montero, 2º ESO

Domingo



Eu estudaba veterinaria na cidade de Lugo. Vivía alí con outras dúas rapazas todo o curso, e no verán volvía á miña vila, Cangas. Non ía moi a miúdo a casa, só en datas importantes ou cando tiña algún descanso na universidade.

Meus pais escribíanme unha carta cada semana.

A verdade é que eu tamén os botaba de menos. Este ano mirara o calendario e o aniversario de miña nai coincidía domingo, así que decidín ir e aparecer por sorpresa, sen avisar.

Cheguei o venres contra a noite; o tren entrou na estación pasadas as sete e media da tarde. Eu viña adormentada e acordei ao escoitar o revisor avisando na parada que estabamos. Collín as miñas cousas e saín. A sala de espera estaba baleira, a penas uns rapaces falando. Saín fóra e empecei a camiñar ata o taxi. Xa nel, déille o enderezo; o taxista resultou ser un coñecido de meu pai e fomos falando de como estivera todo naquel tempo que eu levaba sen ir por alí.

Cando cheguei a casa todos se alegraron moito ao verme de novo. Pasamos toda a fin de semana xuntos e disfrutando de cada intre.

O domingo, como era o aniversario de mamá, viñeron os meus tíos e primos; ningún os avisara de que eu chegara e levaron

unha alegría, xa que non nos víamos dende Nadal. Pasamos ese día todos xuntos comendo, falando, rindo, xogando a baralla...

Eu regresaba a Lugo o luns, porque non había viaxe de volta antes, e tiña que esperar ata o mediodía.

Luns pola mañá, aproveitei para levar á escola a meu irmán e recollelo xa que lle facía ilusión, e tamén para visitar a unhas vellás amigas coas que pasaba todos os veráns dende que eramos pequenas.

A viaxe de volta foi moi entretida, pois ao meu carón sentou un señor co que fun falando durante todo o traxecto. Dixome que se chamaba Darío; eu calculei que andaría polos setenta anos. Tiña uns ollos pequenos, verdes, moi profundos, enmarcados nunhas cellas grises e grandes. Levaba unha pequena pucha colocada descoñecidamente cara atrás que deixaba ver dúas amplas entradas; no medio, un feixe de cabelos grises ben recortados que parecían querer avanzar pola súa fronte engurrada.

Logo mirou para mín e preguntou: "tí onde baixas, meniña?" díxenlle que baixaba en Lugo, el tamén. Ía visitar á súa neta que tamén estudaba alí. Seguimos falando un bo anaco ata chegar ao noso destino, xa na cidade, despedímonos.

Cheguei ao meu piso; alí estaban as miñas compañeiras e unha delas díxome que o seu avó viría pasar a semana con ela. O que menos esperaba é que o seu avó fose o meu amigo do tren, Darío!!

Carla Díaz Rodríguez, 4º ESO

O regreso



Estabamos sentadas na cocíña e pregunteille a miña avoa de que ano eran as cartas antigas e fráxiles que tiña nas mans. Ela respondeume que lías enviara o seu marido, o que sería, o meu avó, no ano 1936, cando fora á guerra civil.

Contoume todo o que pasara naquela época, que levara un gran disgusto cando soubo que o seu home tiña que ir a guerra.

Cada medio mes enviáballe unha carta na que lle dicía onde estaba, como se atopaba e o moito que a quería.

Un día chegou unha carta inesperada; non era como as que lle mandaba o seu home; nela informaban que os soldados que estaban na súa compañía foran atacados por varias bombas, e que case seguro non había superviventes.

Miña avoa caeu nunha profunda depresión, non podía facerse á idea de que o seu home estaba morto; estrañaba as súas cartas.

Pero a historia non acaba aquí, díxome. Unha tarde, pasados dous anos dende que chegara a carta, estaba tendendo a roupa e oíu o seu nome, mirou para atrás e viu ao seu marido. O primeiro que pensou foi que durmira mal e que estaba vendo cousas que non eran; pero non, o seu home estaba alí, diante dela.

O que pasara é que un bo amigo soubo do bombardeo e puido rescatar a meu avó, pero el non conseguiu salvar ao resto do grupo.

Cando me contaba esta parte da historia sostiña as cartas na man e recordaba aquel maravilloso regreso.

Marta Rivera, 3º ESO

A casa da árbore



Cando era pequena, meus avós tiñan dúas residencias; na que vivían había unha casa na árbore. Eu pasaba a metade do día alí, só saía para ir á piscina. Cando tiña oito anos, meus avós mudaron de casa e tiveron que despedirme da miña cabana; ese día chorei moito; as comidas familiares xa non serían o mesmo.

Pasaron catro anos desde que se mudaron. Hoxe meu curmán deume unha sorpresa: díxome que me ía levar a un lugar onde pasara moito tempo. Pola tarde saímos no coche e pedíume que pechase os ollos e só os podería abrir ao chegar. Cando nos detivemos deime conta de que estaba na casa dos avós, pero non pensei na cabana ata que fomos ver o xardín e mirei cara á árbore. Nese momento sentínme pequena por segunda vez na miña vida.

Naia García Paredes, 1º ESO

O Piano vello

Todo comezou cando Uxía e Xavi escoitaron, polas rúas da súa vila, o rumor de que no pazo había unha pantasma que tocaba o piano.

Aquel pazo levaba abandonado moitísimos anos. Ninguén entraba alí dende que don Manuel falecera, e o seu fillo non quixo saber nada da casa. Os rapaces, intrigados, quedaron unha tarde para entrar ás agachadas, e descubrir dunha vez por todas quen era aquela pantasma. Ao entrar, só viron mobles cheos de pó e fiestras rotas por culpa das tormentas. Camiñaron ata a sala principal, e alí, no medio, atopáronse cun fermoso piano branco. Fascinados, acercáronse ao instrumento e sorprendéronse cando viron que era o único obxecto daquela xigantesca casa que permanecía limpo. Xavi achegouse máis e, ao miralo por dentro, de súpeto, atopou unhas fotografías moi antigas. Nelas, aparecía unha muller xove tocando o piano. Parecía unha rapaza importante, pois en tódalas fotos estaba rodeada de xente. Era unha muller elegante, sen dúbida, parecía rica. Uxía non sabía quen era aquela dama que saía nas imanes, xa que don Manuel era viúvo, e queimara tódalas fotos da súa esposa Margarida para que os recordos non o entrístecesen. Estrañados por iso, decidiron volver outro día de noite, cando o piano soaba. Sería esa muller a pantasma? Chegou a esperada noite, e os nenos escoitaron unha fermosa música saíndo da sala principal. En silencio e con medo, adentráronse na sala. Estaba a escuras, e no medio, unha pequena luz iluminaba o interior do piano. Fixáronse mellor, e viron a figura dunha muller vestida cun dos traxes que aparecían nas fotografías. Sen dúbida, era ela.

Sharon McBride era unha anciá que vivía no número 5 da vila. Era de Irlanda pero levaba 35 anos vivindo alí. No seu país,

fora unha das mellores pianistas, a pesar de ser tan nova. Por circunstancias, viuse obrigada a abandonar o seu país e viajar en barco ata Galicia. Aquí, todos os cartos que tiña non lle serviran de nada e, moi ao seu pesar, tivo que vender o único que tiña: o seu piano. Aquí fíxose amiga de don Manuel que a axudou a saír adiante dándolle traballo de sirventa no seu pazo. Tratábana como da familia, e foi don Manuel quen comprou o piano. Comprouno coa condición de que o usara sempre que quixese; ao fin e ao cabo, eran amigos.

Uxía e Xavi achegáronse un pouco máis e decatáronse de que aquela muller non era unha pantasma, senón a señora McBride, que lles contou toda a súa historia. Explicoulles tamén, que ía tocar todas as noites para non esquecer o que sabía, e para lembrar tempos pasados que para ela eran os mellores da súa vida.

A partir desa noite, a anciá, daba pequenos concertos aos veciños da vila.

Paula López Pérez, 1º ESO



O Piano vello



Nunha pequena vila de Ourense vivía unha señora maior chamada Rosínda, á que lle gustaba ter a casa moi limpa; case se pode decir que o seu era unha obsesión. Límpaba todo menos unha parte da casa, o faiado. Non lle quería tocar xa que nel había unha chea de recordos e obxectos do seu difunto marido que xa falecera había varios anos.

Rosínda non tiña fillos; a familia máis próxima era a súa cuñada Sara, que vivía na Coruña. Ese verán Sara decidiu ir visitar uns días a Rosínda, xa que as dúas estaban soas e así faríanse compañía.

Unha tarde, Sara díxolle a súa cuñada que xa era hora de que se atrevese a subir ó faiado; tarde ou cedo había que facelo, pero Rosínda non tiña moitas ganas, así que Sara aproveitou a hora da sesta e subiu ela soa. Alí había moreas de caixas con roupa, cadros, ferramentas do antigo taller de carpintería que tiña o seu difunto irmán, e pó, moito pó.

Pero Rosínda, que tiña o sono moi lixeiro, oíu ruído no faío. Decatouse de que sería Sara, así que decidiu subir e acompañala. Empezaron a abrir caixas e caixas e nunha delas atoparon un fermoso piano moi antigo. Era unha réplica dunha coñecida marca de pianos que había en Suíza pero en tamaño pequeno. Rosínda non sabía da existencia dese piano, o seu home nunca lle falara

del; seguramente ningún lle dera nunca o valor que realmente tiña.

Pero Sara, que vivira en Suíza toda a súa xuventude, sabía que eses pianos eran moi caros e había quen pagaba auténticas fortunas por eles. Á súa cuñada facíalle gracia, pensaba que o decía de broma, vía imposible que lle deran un montón de euros por un obxeto que a ela lle parecía un xoguete; pero Sara insistía no seu alto valor. Así que Rosínda propúxolle un trato: ao día seguinte irían a un anticuario e, se conseguía que lle desen tres mil euros por el, gastarían eses cartos as dúas xuntas.

Á mañá cedo foron a Sarria; alí había moitos anticuarios. Na primeira tenda dábanlles xa 2000 euros. Foron a dous anticuarios máis e ofrecéronlles catro mil nada máis velo. Rosínda xa aceptaba pero Sara decidiu ir ao último e, despois de regatear, conseguiron catro mil seiscientos euros que gardaron sen pensalo máis.

Agora que xa tiñan os cartos, quedaba pensar como os ían gastar as dúas xuntas, tal e como acordaran. Decidiron gastalos nunha viaxe. Así que, a finais daquel mesmo verán emprenderon a marcha rumbo ás principais cidades de Europa. Coñeceron lugares fermosos, xente.... Todo grazas a aquel vello piano que estaba esquecido no faiado.

Noel Arrabal, 1º ESO

PUBLICIDADE

Neste espazo queremos agradecer a todas as entidades que colaboran ano tras ano para facer posible a impresión dos exemplares desta revista.

Neste curso as circunstancias fan que a edición sexa só dixital.

Vaia desde aquí o recoñecemento ó voso apoio.

Coa imprescindible
colaboración de toda a
comunidade educativa.

Grazas



CONCELLO
DE
LÁNCARA

www.edu.xunta.gal/centros/cpiramonpineirolancara

www.facebook.com/cpiramonpineiro/



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

